
Variación lingüística interxeracional na Illa de Ons (Bueu). Seseo

José Manuel Dopazo Entenza

Instituto da Lingua Galega / Universidade de Santiago de Compostela

Data de recepción: 12/09/2016 | Data de aceptación: 13/03/2017

Resumo:

A Illa de Ons, desde comezos do século XIX ata o seu despoboamento na década de 1970, tivo unha importante comunidade de fala que desenvolveu características e peculiaridades lingüísticas. Tras o éxodo da súa poboación cara ás penínsulas máis próximas (O Salmés e O Morrazo), as persoas máis novas presentaron unha maior permeabilidade coas falas dos lugares de destino. As últimas xeracións son as que máis influencia tiveron, tanto do ambiente en que viven, coma do estándar do galego e do castelán. O modelo de tempo aparente permite achegarse á mudanza da comunidade de fala da Illa de Ons a través de tres xeracións para describir as fricativas que empregan os seus falantes (apical, laminal e interdental), así como as dependencias que mostren das variables sexo, nivel de estudos, lingua e nivel socioeconómico. Para tal fin conto con 24 gravacións transcritas cun total de 32 informantes. O que se observa é que a primeira das xeracións presenta sempre seseo, alternando entre apical e laminal (con predominancia deste último). A segunda ten unha maior vacilación canto á presenza ou non do seseo, sendo o apical o que máis aparicións mostra dentro desta modalidade. Por último, a terceira das xeracións presenta maioritariamente a fricativa interdental, por tanto, non hai apenas casos de seseo e, en caso de o empregaren, é de tipo apical.

Palabras chave:

seseo; variación e cambio lingüístico; tempo aparente.

Sumario:

1. Introducción. 2. A Illa de Ons: contexto xeográfico e histórico-social. 2.1. Localización xeográfica. 2.2. Contexto histórico. 3. Metodoloxía e corpus. 3.1. Informantes. 3.1.1. Xeración Primixenia. 3.1.2. Xeración do Éxodo. 3.1.3. Xeración Alóctona. 3.2. Gravacións e transcripcións. 4. Sistema de sibilantes da Illa de Ons. 4.1. Xeración Primixenia. 4.2. Xeración do Éxodo. 4.3. Xeración Alóctona. 5. Conclusións. Referencias bibliográficas.

Linguistic variation between generations in A Illa de Ons (Bueu). “Seseo”

Abstract:

The Isle of Ons from the early nineteenth century until its depopulation in the 1970s, had an important speech community that has developed features and linguistic peculiarities. After the exodus of that population into the nearest peninsulas (O Salmés and O Morrazo), younger people showed greater permeability talks with the destinations. The latest generations

are the most influenced for the place where they live, and the standard of Galician and Spanish. The model allows time apparent change of approach to a speech community of the Isle of Ons through three generations to describe the fricatives that the speakers use (apical, laminar and interdental) and the dependences to variables like sex, education level, language and socioeconomic status. For this, I have 24 recordings transcribed with a total of 32 informants. We can see that the first generations always has seseo, alternating between apical and laminar (predominantly the last). The second has a greater hesitation as to the use or not of seseo, being the most apical what is used in this mode. Finally, the third generation shows mostly fricative interdental therefore not use the seseo and, in the case of use, it is the type apical.

Key words:

“seseo”; linguistic variation and change; apparent-time.

Contents:

1. Introduction. 2. Isle of Ons: geographical, historical and social context. 2.1. Geographical location. 2.2. Historical context. 3. Methodology and corpus. 3.1. Informants. 3.1.1. Primordial Generation. 3.1.2. Exodus Generation. 3.1.3. Allochthonous Generation. 3.2. Recordings and transcriptions. 4. Sibilants system in Isle of Ons. 4.1. Primordial Generations. 4.2. Exodus Generation. 4.3. Allochthonous Generation. 5. Conclusions. Bibliographical references.

1. Introducción

As linguas están en cambio constante e, polo tanto, presentan variantes en calquera dos estados de sincronía que queiramos establecer. Esta variabilidade é inequivocamente intrínseca ó propio uso dunha lingua e todo cambio que experimente un sistema lingüístico é requisito indispensable para a variación e a evolución dese mesmo sistema.

Tendo en conta esta premisa e utilizando como datos os que fornece o corpus oral creado con gravacións da Illa de Ons, neste artigo estudarase os usos das fricativas apicais, laminais e interdentaís de persoas nadas nesta illa e cun rango de idade comprendido entre os 18 e os 96 anos. Estes datos analizaranse en base a tres xeracións previamente establecidas e que se reafirman á luz dos resultados da análise. Deste xeito, pódese ter unha visión de como muda o uso destas fricativas.

Pese a que a idade é fundamental para a identificación de grupo, hai outra serie de factores que inflúen decisivamente á hora de determinar a adscrición a unha xeración ou outra (sociais, culturais, nivel de estudos...), así como para tentar explicar a deriva do sistema de sibilantes que podemos atopar neste corte cronolóxico establecido entre 2010 e 2012.

Trátase, por tanto, dun estudo de variación en tempo aparente, pois móstrase a variación das fricativas ó longo destas tres xeracións, mais sen que haxa un movemento temporal real, é dicir, estudándoas nun momento sincrónico.

2. A Illa de Ons: contexto xeográfico e histórico-social

2.1. Localización xeográfica

O arquipélago da Illa de Ons ten unha superficie de 393'2 ha distribuídas entre as dúas illas que o conforman (Ons e A Onza) e o resto de illotes que arrodean a maior delas (As Freitasas, O Gaiteiro, O Centulo, A Malaca, O Cairo...).

Este arquipélago atópase encadrado entre os 42° 24' 11,13" e 42° 20' 31,64" de latitude norte e entre os 8° 55' 6,29" e 8° 56' 54,28" de lonxitude oeste. Está pechando a boca da Ría de Pontevedra, lixeiramente máis próximo á súa parte norte (a 3,8 km. da comarca do Salnés) ca á sur (a 8,3 km. da comarca do Morrazo). A pesar de todo, debido á súa pertenza civil ó concello de Bueu e relixiosa á parroquia de Beluso, o arquipélago de Ons actualmente forma parte da comarca

do Morrazo.

A Illa de Ons ten unha lonxitude de 5,3 quilómetros e 1,2 de ancho (minguando ata a 500 metros na súa parte máis estreita). O punto máis elevado ascende a 128 metros e nel está situado o faro e o heliporto.

2.2. Contexto histórico

A Illa de Ons sufriu diversos procesos de poboamento e despoboamento. A última repoboación deuse en 1810, tras unha proposta para amurallar toda a fronte leste (a parte habitada) co fin de protexela de posibles ataques e facer dela un punto estratéxico de defensa da Ría de Pontevedra. Naquel entón, a propiedade desta illa era do Marqués de Valadares e as terras estaban arrendadas a aquelas persoas que foron vivir alá. Os novos habitantes procedían, sobre todo, de Noalla (Sanxenxo) e Beluso (Bueu).

Entrado o século XX, este marqués decidiu vendela a Marcial Bernadal (veciño do lugar, que fixera os cartos traballando de apoderado) e Manuel Riobó (médico veciño da parroquia bueresa de Cela). Finalmente, o fillo deste segundo, Didio Riobó, herdou a parte de seu pai e mercou a correspondente ó copropietario.

Co levantamento militar e a posterior Guerra Civil, Didio Riobó suicidouse e a illa pasou ó Ramo de Guerra (ministerio de defensa do momento) mediante expropiación para fins estratéxicos e montouse un destacamento militar na punta norte. Desde aquela ata 2002, A Illa de Ons pasou a depender de distintas administracións civís.

Na década de 1960 produciuse un cambio drástico na vida da xente de Ons, pois viron ampliada a súa capacidade económica como para abandonaren paulatinamente as tradicionais dornas a medida que mercaban barcos de maior calado. Esta mudanza fixo que tivesen que amarrar en portos máis grandes como Bueu, Cangas ou Portonovo. Como os barcos xa non estaban na Illa e eran o sustento da familia, a xente de Ons comezou un progresivo éxodo cara ás vilas máis próximas.

No ano 2002, A Illa de Ons entrou a formar parte do Parque Nacional das Illas Atlánticas de Galicia, xunto con Cíes, Sálvora e Cortegada. O número de visitantes dende entón foi crecendo, feito que algunhas familias aproveitaron para comezar a vivir do turismo (alugando casas, reformándoas para dedicalas á hostalería etc.).

Hoxe en día, A Illa de Ons recibe máis de 2000 visitantes durante os meses de verán, procedentes, sobre todo, da Península Ibérica, mais tamén doutros lugares. Alí só viven permanentemente dúas familias e outras tres volven á terra durante os meses de inverno.

3. Metodoloxía e corpus

3.1. Informantes

Para a realización deste traballo, contamos coa transcripción de 27 textos de 32 falantes cunha diferenza de 80 anos entre o máis novo e o máis vello. Para estudar o cambio, establecemos unha posible división xeracional, reforzada polas características lingüísticas propias da variación etaria, así como pola cohesión lingüística entre os diversos informantes. Distinguimos tres grupos claros de falantes: un primeiro que abrangue as persoas nadas antes de 1959; un segundo, o das persoas que naceron nas décadas de 1960 e 1970; e, o último, o das persoas nadas a partir de 1980 (Dopazo 2013).

Dentro dos grupos pódese observar unha descompensación en canto ó sexo das persoas informantes. Na primeira xeración débese á falta de informantes masculinos, pero está equilibrado no tempo de gravación. Nas outras dúas xeracións a descompensación vén dada pola escaseza de persoas que falen galego. Para o caso da segunda xeración, a dificultade de atopar homes que se presten a ser gravados incrementa por motivos laborais.

3.1.1. Xeración Primixenia

Denominamos **Xeración Primixenia** (XP) o grupo de persoas nadas antes de 1959 (conformado por informantes dende 1915 ata 1959), un período temporal moi vasto, mais que presenta unha uniformidade lingüística considerable. Todos estes informantes naceron na Illa de Ons, pasaron a súa adolescencia e mesmo casaron alí, o que potencia esa cohesión lingüística.

Pertencen a esta xeración 20 dos 32 informantes. Neste grupo atopamos unha gran cantidade de trazos lingüísticos que merecen estudo e, por tal motivo, consideramos relevante documentalo o mellor posible. Xa que logo, esta franxa de idade é para a que máis informantes se ponderaron. Deste xeito temos a seguinte listaxe de persoas:

| Sexo | Nacem./Idade | Estudios | Traballo | L. Inicial | L. Habit. | R. Actual |
|--------|--------------|-------------|-------------|------------|-----------|---------------|
| HOME | 1915-95 anos | primarios | mariñeiro | galego | galego | Bueu |
| MULLER | 1924-86 anos | sen estudos | casa | galego | galego | Bueu |
| MULLER | 1925-85 anos | sen estudos | percebeira | galego | galego | Bueu |
| MULLER | 1930-82 anos | sen estudos | casa | galego | galego | A Illa de Ons |
| HOME | 1933-78 anos | primarios | mariñeiro | galego | galego | Bueu |
| MULLER | 1942-70 anos | sen estudos | casa | galego | galego | A Illa de Ons |
| MULLER | 1943-68 anos | sen estudos | casa | galego | galego | Beluso |
| MULLER | 1944-68 anos | primarios | mariñeira | galego | galego | A Illa de Ons |
| HOME | 1944-68 anos | primarios | mariñeiro | galego | galego | Cangas |
| HOME | 1946-65 anos | primarios | mariñeiro | galego | galego | Beluso |
| MULLER | 1946-65 anos | sen estudos | casa | galego | galego | Beluso |
| MULLER | 1948-63 anos | sen estudos | casa | galego | galego | Bueu |
| MULLER | 1948-63 anos | sen estudos | percebeira | galego | galego | Bueu |
| MULLER | 1948-64 anos | primarios | casa | galego | galego | Cangas |
| HOME | 1949-63 anos | primarios | mariñeiro | galego | galego | Bueu |
| HOME | 1949-62 anos | primarios | mariñeiro | galego | galego | Cangas |
| MULLER | 1950-62 anos | primarios | casa | galego | galego | Portonovo |
| MULLER | 1952-59 anos | primarios | op. fábrica | galego | galego | Bueu |
| MULLER | 1954-57 anos | sen estudos | operaria | galego | galego | A Illa de Ons |
| MULLER | 1959-52 anos | sen estudos | casa | galego | galego | Bueu |

Táboa 1: idade, estudos, ocupación, residencia actual e lingua inicial e habitual das persoas da XP.

3.1.2. Xeración do Éxodo

O segundo dos grupos é o comprendido por persoas nadas nas décadas de 1960 e 1970, un período temporal menor có anterior e que presenta unha flutuación lingüística moi grande debido ó contacto da variedade estándar e do castelán a través da escola e dos medios de comunicación. Todos estes falantes naceron na Illa de Ons, pero viviron moi pouco tempo alí (entre 4 e 12 anos); pasaron a súa mocidade nos concellos de destino e, na maioría dos casos, casaron con persoas que non son oriúndas desta illa.

Cabe destacar que esta foi a primeira xeración que accedeu a estudos medios e superiores. O feito de teren un nivel de estudos máis elevado fai que teñan un repertorio lingüístico máis amplo. Amais, foron dos primeiros que comezaron a ter estudos de galego e en galego na escola, o que reforza o feito de empregaren formas lingüísticas propias da lingua estándar, que utilizan xunto coas súas propias (variación estilística).

Xa que este grupo xeracional naceu na Illa e, posteriormente, marchou vivir lonxe dela, denominámolo **Xeración do Éxodo** (XE). Nel atopamos 8 persoas que representan o amplo abano de variedades socioculturais e da diferenza lingüística existente.

| Sexo | Nacem./ Idade | Estudos | Traballo | Lingua Inicial | Lingua Habitual | Residencia Actual |
|--------|---------------|----------------|------------|----------------|-----------------|-------------------|
| MULLER | 1961-50 anos | primarios | casa | galego | gal. e cast. | Bueu |
| MULLER | 1962-49 anos | universitarios | enfermeira | galego | gal. e cast. | Beluso |
| MULLER | 1963-48 anos | universitarios | enfermeira | galego | castelán | Cangas |
| HOME | 1965-45 anos | medios | hostaleiro | galego | gal. e cast. | Bueu |
| MULLER | 1968-44 anos | medios | hostaleira | galego | galego | Bueu |
| MULLER | 1971-42 anos | medios | percebeira | galego | galego | A Illa de Ons |
| HOME | 1973-40 anos | universitarios | hostaleiro | galego | gal. e cast. | Bueu |
| HOME | 1976-34 anos | primarios | hostaleiro | galego | galego | Bueu |

Táboa 2: idade, estudos, ocupación, residencia actual e lingua inicial e habitual das persoas da XE.

3.1.3. Xeración Alóctona

O terceiro grupo fôrmano aquelas persoas nadas nas décadas de 1980 e 1990, fillos de illáns asentados nas parroquias de Bueu e Beluso (concello de Bueu). Ningún destes informantes naceu na Illa de Ons e as relacións sociais que establecen son, en maior medida, con persoas non illás da súa contorna.

Ademais, todas elas son persoas que accederon a un estudo medio e/ou superior ou que inda o están a cursar a día de hoxe. O estándar do galego e do castelán (escrito e oral) tiverono sempre presente a través dos medios de comunicación, dos libros de lectura e de texto, das clases, dos actos públicos, da publicidade... Medraron nun entorno en que hai unha norma definida e, máis ou menos, explícita.

Ese é o motivo polo que estes falantes teñen en todo momento presente as normativas e os estándares orais á hora de se veren ante unha situación máis formal,

é dicir, ó se atoparen nunha entrevista gravada. Isto dá pé ó intento de prescindir das características que consideran dialectais, ou sexa, non estándar ou menos aceptables.

Esta xeración segue a ter unha relación moi profunda coa sociedade illá e un sentimento de unidade por seren descendentes desa terra, polo que a identificamos coa etiqueta de **Xeración Alóctona (XA)**. Desta xeración transcribimos 4 persoas, das cales dúas son galegofalantes iniciais, unha neofalante e outra castelanfalante habitual. Igual que acontecía coa xeración anterior, nesta tamén hai unha división clara entre as persoas que teñen estudos medios e/ou superiores e as que non.

| Sexo | Nacem./ Idade | Estudios | Traballo | Lingua Inicial | Lingua Habitual | Residencia Actual |
|--------|---------------|----------------|-----------|----------------|-----------------|-------------------|
| HOME | 1988-22 anos | curso a ESO | Mariñeiro | galego | gal. e cast. | Beluso |
| HOME | 1988-24 anos | primarios | Mariñeiro | galego | galego | Bueu |
| MULLER | 1989-23 anos | universitarios | Estudante | castelán | castelán | Bueu |
| HOME | 1993-18 anos | bacharelato | Estudante | castelán | gal. e cast. | Bueu |

Táboa 3: idade, estudos, ocupación, residencia actual e lingua inicial e habitual das persoas da XA.

3.2. Gravacións e transcripcións

Estas gravacións proveñen dun amplo traballo de campo realizado en tres etapas. A primeira foi realizada dende finais de 2010 ata mediados de 2011 e o tipo de gravación foi directa, mediante unha serie de preguntas preestablecidas coas que se buscaba que as persoas entrevistadas falasen, basicamente, dos traballos desenvolvidos durante a súa nenez e madurez na Illa de Ons. As persoas entrevistadas foron sempre de idade avanzada (nados antes de 1940).

A segunda e a terceira etapas desta recollida de material de audio realizáronse na época estival dos anos 2011 e 2012, aproveitando que moitas familias adoitan pasar os meses do verán na Illa. Destas etapas de gravación, saíron a gran maioría dos arquivos sonoros que conforman o corpus analizado. Foron entrevistas abertas, sen un fío condutor máis estreito cá mera ligazón persoal con este lugar. Atopamos persoas das tres xeracións.

De todo o amplo número de gravacións obtidas deses anos, fíxose unha selección dentro da XP, que foi da que maior cantidade existía. Esa selección está baseada na distribución entre homes e mulleres, determinada polos minutos de intervención

dos informantes máis que polo número de informantes de cada sexo. Tívoise en conta a calidade das gravacións para facer máis doada a transcripción. Das outras dúas xeracións transcribíronse todas as existentes por seren relativamente poucas as persoas que falan galego e non todas se prestaren a ser gravadas.

Os tipos de gravación oscilan entre as entrevistas dirixidas, cunha serie de tópicos temáticos (Éntroido, San Xoán, traballo na terra e no mar...), en que as persoas informantes desenvolven os seus recordos de infancia e madurez; e os monólogos, gravacións só coutadas pola temática da ligazón persoal á Illa de Ons que pode ser ou non requirida polo entrevistador.

No que atinxe ás transcripcións, seguíronse os criterios da obra *A Nosa Fala* (Fernández Rei e Hermida Gulías 2003, 11-16) e do *Arquivo do Galego Oral* (Fernández Rei 2010-). Este proceso deu como resultado un compendio de 27 textos (preto de cinco horas), que chega a ser unha imaxe das realizacións lingüísticas de persoas entre 18 e 96 anos.

4. Sistema de sibilantes da Illa de Ons

Fernández Rei (1990: 189) define seseo como “a ausencia de /θ/ e a presenza dun /s/ nas mesmas posicións nas que no galego común hai /θ/”. Moitos son os autores que teñen falado a respecto da deriva do sistema de sibilantes desde a Idade Media ata os nosos días. Maia (1988), Zamora Vicente (1986), Fernández Rei (1990), Lorenzo (1993) e González González (2005) son algúns deles.

Comparándonos o traballo de Zamora Vicente (1986), o previo de Aníbal Otero para o ALPI (Heap 2003-2007) e o posterior do ALGa (Santamarina 1999: 193) sobre o seseo, podemos trazar unha perspectiva histórica deste fenómeno para sabermos cal é a mudanza que está a acontecer. A este respecto, Sousa Fernández (2010: 261-262) comparou os dous últimos en canto a gheada e seseo e mostrou que “os materiais que nos ofrecen os dous atlas para o seseo permiten confirmar que é un trazo en recesión e que ademais, como no caso da gheada, a dirección do avance do sistema con interdental é outra vez de leste cara a oeste”. A maiores do retroceso xeográfico, tamén debemos ter en conta aquel retroceso que está a sufrir actualmente en canto á variable etaria e diafásica. O seseo é un marcador sociolingüístico moi forte e, por ese motivo, a xente máis nova, con maiores estudos e de zonas máis urbanas vai abandonando este tipo de usos.

Segundo mostra Fernández Rei, “Ons pode encadrarse na microsubárea Morrazo-Fragoso (C-2b) por rexistrarse nesa illa seseo predorsal” (1990: 124). Esta

clasificación é insuficiente para estudarmos a variación dependente da idade, contexto e nivel de estudos; mais serve como punto de partida para realizarmos a análise na que se centra este traballo.

Para comprendermos como se estrutura o sistema de sibilantes na Illa de Ons, cómpre que teñamos unha idea do sistema que, segundo Fernández Rei (1990: 211), había no galego medieval (táboa 4).

| Sistema Galego Medieval | | Sistema Arcaico | | Sistema de Transición |
|-------------------------|------|-----------------|------|-----------------------|
| /ʃ/ | /ʒ/ | /ʃ/ | /ʒ/ | /ʃ/ |
| /ts/ | /tz/ | /ʃ̣/ | /ẓ/ | /s/ |
| /ʃ̣/ | /ẓ/ | /ʃ/ | /z/ | /ʃ/ |

Táboa 4: etapas do sistema de sibilantes.

A situación actual do sistema de sibilantes na Illa de Ons parte do *Sistema de Transición* (ST), que Fernández Rei (1990: 211) e González González (2005: 256) din que é o que consta dunha fricativa apical non voceada /ʃ/¹ e unha fricativa laminal non voceada /s/² en posición contrastiva. E veremos como as distintas variables (idade, sexo, nivel sociocultural, lingua inicial e habitual, contexto etc.) van mudando este sistema opositivo mesmo introducindo a fricativa interdental /θ/, tanto a nivel individual coma xeracional.

Para a identificación das fricativas laminal e apical, servímonos dos parámetros establecidos en Vidal Figueroa (1993), nos que determina que a laminal se produce “nun orificio formado entre a lingua e as enxivas” tendo o ápice da lingua pegado á parte traseira dos incisivos inferiores. Pola contra, a apical realizaríase colocando a punta da lingua próxima ós alveolos.

Por último, identificamos como /θ/ “os sons interpretados perceptivamente como (inter)dentais non sibilantes” (Labraña Barreiro: 2014, 212), incluíndo tanto os sons thetaístas (pronuncia das consoantes c e z co ápice da lingua entre os dentes, como acontece no estándar oral do castelán e do galego), coma as pronuncias ceceantes (pronuncia da consoante s colocando a lámina da lingua tras os incisivos superiores, sen que o ápice estea entre os dentes). Esta consideración tamén a deixa patente Vidal Figueroa (1993, 16).

1 Transcrita nos exemplos como s.

2 Transcrita nos exemplos como ç.

4.1. Xeración Primixenia

Entre os membros de máis idade desta xeración, aparece ben distribuída a oposición fonolóxica do ST. No exemplo 1 vemos que o informante mantén a distinción entre a fricativa laminal e a fricativa apical. O único exemplo que pode ser dubidoso é *dousèntos*, en que parece que o esperable podería ser unha laminal, mais pode explicarse pola asimilación do trazo apical e crase de ambas as dúas fricativas (**dousçentos*> **doussentos*>*dousèntos*).

- (1) *Andabamos ô marullo pèro tèn habido temporal, o temporal carghaba na dôrna, metido a çèn è a çènto è dousèntos. Viñan, viñan no, no último no mare. È ar mullères andaban alí tamên a iso. Ô perçebe andaban moito, alghunhas, alghunhas! È depois á tèrra.*

Home 1915, 95 anos

Así e todo, a perda de oposición fonolóxica das dúas fricativas é o máis habitual dentro desta xeración, sendo a oposición contrastiva unha realización esporádica. A creba na pertinencia fonolóxica dáse en favor ben dunha fricativa, ben da outra atendendo a dúas variables fundamentais: idade e sexo.

A primeira das variables, a idade, actúa en favor da desaparición da pertinencia opositiva canto máis novas son as persoas. Deste modo, nesta xeración en cuestión, comeza a avanzar a fricativa laminal cara a posicións que etimoloxicamente³ corresponderían á fricativa apical.

- (2) *Había fulana que tiña sète ou oito vacas, xa èra caçeiro xa, caçeiro, paghaba mais cá caçeta. Maigh millo, freixóns è paghamos con iço. Con iso è como se paghaba o, a maquia. As cáçase fixèronas todas os isleños, as caças èran de cada un súa... os antepasados. X' hòi anos que fixèron, hai moitos anos que fixèno as caças.*

Home 1949, 63 anos

No exemplo 2, a oposición das fricativas parece perder pertinencia, avanzando a laminal en detrimento da apical en palabras como *caçeiro* (por caseiro), *iço* (por iso) ou *caças* (por casas). Mais non só o podemos ver neste fragmento, senón que, en todo o corpus, atopamos 386 casos de fricativas laminais nesta xeración en contextos non etimolóxicos fronte a 64 da fricativa apical en condicións semellantes, como mostra a táboa 5.

3 Consideramos contextos etimolóxicos aqueles que, segundo a evolución das fricativas mostrada no epígrafe §5, se derivan directamente da evolución do SGM e SA no ST. Os contextos non etimolóxicos serían, por tanto, aqueles que non lles corresponden segundo esa evolución.

Ademais, contrastando as formas etimolóxicas e non etimolóxicas de cada unha das fricativas, podemos observar que o índice de fricativas laminais do segundo tipo é verdadeiramente moito máis alto có das fricativas apicais.

| | Etimolóxico | Non etimolóxico | Total |
|---------|--------------------|------------------------|--------------|
| LAMINAL | 750 | 386 | 1136 |
| APICAL | 6884 | 64 | 6948 |

Táboa 5: casos das fricativas clasificados segundo tipo e contexto.

A outra variable a ter en conta é a de sexo. As mulleres empregan máis a fricativa laminal có os homes, sobre todo se atendemos a contextos non etimolóxicos. No exemplo 3 observamos que esta muller, nada en 1930, xa presenta usos da laminal en contextos non etimolóxicos (*çacaban, çacado, çabe, çei, çalir* por *sacaban, sacado, sabe, sei, salir*).

- (3) *È cando vèñen, vèñen èquí tamên, però non è tanto com' aquel, çacaban afotos. Buèno, os afotos que teñen çacado aquí non se çabe, non çei onde os meterían, òes, aí!, èra criminal esto. Xa diçi' ò meu hòme: -Mi ma, ti vas a çalir en canto periòdico hai.*

Muller 1930, 82 anos

Como vemos no táboa 5, a solución cuantitativamente maioritaria, en contexto non etimolóxico, para ambos os dous sexos é a fricativa laminal; así e todo, as porcentaxes de uso mostradas na táboa 6, permiten observar unha tendencia maior no uso de apical nos homes ca nas mulleres.

| | Homes | Mulleres |
|---------|--------------|-----------------|
| APICAL | 73,5% | 26,5% |
| LAMINAL | 30,8% | 69,2% |

Táboa 6: solucións non etimolóxicas atendendo ó sexo.

Como apuntabamos máis arriba, a perda de oposición fonolóxica favorable á fricativa apical é minoritaria, pero podemos atopar algúns casos (64 en todo o corpus para esta xeración). Estes exemplos pertencen case exclusivamente a homes (73,5%), coma o do exemplo 4. Aquí vemos que o informante emprega a apical en contextos nos que sería esperable a laminal (*Nasional, limpièsa*), mais non en todos (*perdiçex*).

- (4) *Iso agora, ist' está abandonado, dindes que viñenon éster de, de, de parques, a Xunta è todo isto, isto éler din qu' è un Parque Nasional, èu n' o vexo que sea un Parque Nasional esto, èu vexo que sea un Parque Nasional però tería qu' haber outra limpièsa, è mas tería qu' habere unhas laghunas, p' hàber bichos como habi' a-ntes, antes había miler de perdiçex è agora no-hai nada.*

Home 1933, 78 anos

Cabe destacar que, á par da creba na oposición fonolóxica, tamén comeza a aparecer, de forma moi puntual e localizada, a fricativa interdental. Polas peculiaridades fonéticas que acabo de describir, a aparición desta fricativa pódese deber a unha evolución interna da lingua. A realización laminal que vimos que se impón sobre a apical pode adiantar o punto de articulación ata ser interdental, como postula Fernández Rei (1990: 56).

Atopamos un reducido número de exemplos con esta realización (*cerdos; empezamos; matanza; entonces; precebe; véce; cèmpre; couzas; céstar; e decire*). Estes exemplos están tirados de catro únicos informantes, que presentan un uso do seseo laminal maioritario, polo que son susceptibles de adiantar o punto de articulación ata o interdental. Son exemplos puntuais que non implican un ceceo sistemático entre os falantes desta zona pero, cando menos, dignos de mención.

Ademais, tamén atopamos dous casos puntuais da interdental non debidos á evolución lingüística que postula Fernández Rei (*Martínez; Reiriz*). A aparición da interdental nestas dúas palabras pode vir motivada por o informante estar influído pola escola e por como aprendeu os apelidos. Este falante estivo na escola desde os 5 ata os 12 anos.

4.2. Xeración do Éxodo

Nesta xeración atopamos informantes que son, en interaccións habituais, castelanfalantes, bilingües e galegofalantes⁴. Esta distribución dá conta da realidade lingüística que lles tocou vivir por se mudaren de novas e novos a vilas onde a presión do castelán era moi forte e comezaba a dar as primeiras camadas xeracionais castelanfalantes. Por tanto, o tipo de sibilantes que vaian empregar estará intimamente ligado ás influencias lingüísticas que recibisen tanto no lugar de destino (seseo apical ou seseo laminal maioritario), coma das normas lingüísticas aprendidas na escola (castelán e galego estándar).

4 Segundo clasificación empregada por Monteagudo (2004).

| | Etimolóxico | Non etimolóxico | Total |
|-------------|-------------|-----------------|-------|
| LAMINAL | 56 | 34 | 90 |
| APICAL | 1291 | 86 | 1377 |
| INTERDENTAL | 162 | 4 | 166 |

Táboa 7: casos das fricativas clasificados segundo tipo e contexto.

En base á definición que tomamos de Fernández Rei (1990: 189) no epígrafe §5, podemos afirmar que hai 142 casos que presentan seseo (ben sexa apical non etimolóxico, ben sexa laminal etimolóxico). En 56 deses casos, a fricativa é laminal, como podemos ver no exemplo 5 (*rapaças, rapaças, façer, rapáçex*). E esta fricativa incluso entra en contextos non etimolóxicos, como vemos na táboa 7, dando conta do habitual que chega a ser este feito (34 casos). No exemplo 5, de novo, atopamos algúns casos (*çuèrte e paçan por suerte e pasan*). Do mesmo xeito, atopamos 86 casos en que a fricativa non etimolóxica é a apical.

- (5) *Entóncese, però buèno, mira, èh, fixo un èquipo de fùbol, èh, fomentou os mallos na època de, de, de mallo, non? En mallo aquí aún hos, pasa è que daquèla èran os rapaças sòlox, èh, a-rapaças colaborábamos a façer o diseño è tal, però do resto èra cousa de rapáçex.[...] Foi unha çuèrte, porque a verdá esta-son suèrtes que paçan unha ves na vida.*

Muller 1961, 50 anos

Diciamos que na Xeración Primixenia a perda de oposición fonolóxica tendía á fricativa laminal, e nesta xeración parece caer cara á apical. En realidade, a Xeración do Éxodo actúa a modo de transición entre a que a precede e a que a segue, pois pódese apreciar un maior uso da laminal nas persoas nadas na década de 1960, mentres a tendencia das persoas da década de 1970 é á apical. De repararmos no exemplo 6, veremos que esta muller emprega a fricativa apical case exclusivamente (*competensia, persebe, dèsanòve*).

- (6) *Si, buèno. Despois de casada, èh, saquei a competensia de mariñeiro, enroleime nunha empresa que teño è fun ò persebe. Tiña èu dèsanòve anos cando me enrolei.*

Muller 1971, 42 anos

En canto á fricativa interdental, observamos que a variable que máis inflúe é a lingua habitual. As persoas galegofalantes case non empregan a fricativa interdental, no entanto, a única persoa que ten como lingua habitual o castelán, tamén ten como fricativa máis habitual neste contexto a interdental (presenta dous casos con fricativa apical: *caldeirasos*).

Entre estes dous polos opostos, atopamos un abano de posibilidades nas persoas que tanto empregan o galego coma o castelán nas súas interaccións, influído probablemente polo maior uso dunha ou doutra lingua.

| Sexo | Nacem./Idade | Ling. Inicial | Ling. Habit. | Interdental |
|--------|--------------|---------------|--------------|-------------|
| MULLER | 1963-48 anos | galego | castelán | 67 |
| MULLER | 1961-50 anos | galego | gal. e cast. | 48 |
| MULLER | 1962-49 anos | galego | gal. e cast. | 31 |
| HOME | 1973-40 anos | galego | gal. e cast. | 11 |
| HOME | 1965-45 anos | galego | gal. e cast. | 2 |
| MULLER | 1968-44 anos | galego | galego | |
| MULLER | 1971-42 anos | galego | galego | 3 |
| HOME | 1976-34 anos | galego | galego | |

Táboa 8: número de fricativas interdentalis segundo lingua habitual, sexo e idade.

No exemplo 7 vemos unha mostra do uso da interdental na informante castelanfalante, que a presenta en clara oposición coa apical (*felices, xovenciña, facíamo-lo, cazaba*). Compárese cos exemplos 5 e 6, onde temos o caso de dúas mulleres seseantes, bilingüe e galegofalante respectivamente.

(7) *È eles èran felices. Cando xa máis xovenciña tiñ' amigas è truémolas aquí, èran felices. Nós facíamo-lo pan, ibamos a marisquear, traíamos, comíamos, buèno, todo fresquiño, todo o peixe que collía meu abuèlo tanto á cana è... cazaba, traía coellos, buèno, son un-recòrdos inolvidables pa min.*

Muller 1963, 48 anos

Como acabamos de ver, na XE, o seseo é un fenómeno habitual. Tan só as persoas que son castelanfalantes habituais presentan unha clara oposición entre a fricativa apical e a fricativa interdental, talvez, por influencia do modelo do castelán. A aparición da fricativa interdental nas persoas bilingües é bastante significativa e pode deberse á influencia do estándar oral do galego e do castelán. Nas persoas galegofalantes habituais esta fricativa case non aparece, pero o feito de haber tres casos tamén se pode achacar ós estándares orais actuais.

Como xa se apuntaba máis arriba, hai unha tendencia á perda de oposición fonolóxica nesta xeración, que se resolve en favor ben da laminal, ben da apical. A razón deste

cambio pode ter na base o éxodo da Illa ós lugares en que residen actualmente: Cangas con seseo laminal (Rodríguez 2002), Beluso-Bueu con seseo laminal e apical e Portonovo, con seseo apical (Fernández Rei, 1990: 193). Isto é, adquiriron ou adecuaron o tipo de seseo existente no lugar en que agora establecen as súas relacións sociais por contacto con persoas galegofalantes deses lugares.

A pesar de que son falantes que presentan seseo, tamén se remarcou que este é un elemento sometido a variación diafásica, é dicir, que só se emprega en contextos distendidos e déixase a realización interdental para os contextos máis formais. Por ese motivo atopamos persoas galegofalantes habituais con seseo que empregan fricativas interdental de forma puntual.

Ademais, temos o caso dunha informante bilingüe habitual que presenta dous casos de hipercorrección (*curzos* e *Lórez* por *ursos* e *Lores*). Estes rexistros explícanse pola falta de competencia lingüística e incentivado polo carácter formal da situación e o tipo de fricativa ligada a el.

4.3. Xeración Alóctona

Na XA, o seseo aparece en dous dos catro informantes. Como mencionei máis arriba (§3.1.3), son os informantes galegofalantes iniciais e que teñen un nivel de estudos máis baixo. Un deles presenta case exclusivamente realizacións apicais (23) e, en menor medida, laminais (5), como nos mostra a táboa 9. Só presenta en dous casos a fricativa interdental (*Ibiza*, exemplo 8).

| Sexo | Nacem./ Idade | Estudos | Lingua Inicial | Lingua Habitual | Apic. | Lami. | Interd. |
|--------|------------------|-------------|-------------------|--------------------|-------|-------|---------|
| HOME | 1988-22 anos | ESO | galego | gal. e cast. | 12 | 2 | 32 |
| HOME | 1988-25 anos | primarios | galego | galego | 23 | 5 | 2 |
| MULLER | 1989-23 anos | universit. | castelán | castelán | 2 | 0 | 33 |
| HOME | 1993-18 anos | bacharelato | castelán | gal. e cast. | 2 | 0 | 190 |
| | | | | | 39 | 7 | 257 |

Táboa 9: relación de sexo, idade, estudos e lingua con tipo de fricativas.

- (8) *Non sei, conoser cousas nõvas. Ê a hõstia, èh, è Islandia ê tipo Ibiza. Chèkhas alí, mi ma!, tèn de todo: -Español, español! Mi madriña!, unha chulada, macho. Êu non sei o que disirche, macho.*

Home 1988, 24 anos

Seguindo coa táboa 9, vemos que o outro informante galegofalante inicial mostra un uso moi semellante ó anterior en canto á perda de oposición fonolóxica das fricativas. Para a laminal atopamos dous casos mentres que para a apical hai 12. Fronte a estes datos, observamos que emprega a fricativa interdental 32 veces, probablemente por influencia dos estándares orais, como acontecía na XE. Deste modo, atopamos no exemplo 9 unha alternancia entre *persebe* e *percebe*.

- (9) *Como ê?, como ê traballar o persebe? O percebe ê, tès, tès[s] tres hòras menos cuarto. Tès dúas hòras antes da baixamar è tres cuártor de hòra, co, èh, coa pleamar, subindo coa pleamar.*

Home 1988, 22 anos

A fricativa apical comeza a entrar no terreo etimolóxico da laminal, mantendo a tendencia que se observaba na xeración anterior. Dan conta deste feito os 39 casos rexistrados. Unha das informantes castelanfalantes tamén presenta esta realización pero só ó introducir o que di unha persoa maior (*disíalle*, exemplo 10). Dous casos tamén ten o informante neofalante (*ves[es]* e *dousentos*, este último é o mesmo que o do exemplo 1), que non deixan de evidenciar o coñecemento deste fenómeno pese a que non o presente habitualmente.

- (10) *Cando miraba unha mullèr preñada disíalle, ou parindo, ib' a xunt' ós paridos è disíalle: -Ah, carallo, khôdet' aí, despois do khusto vèn o dighusto!*

Muller 1989, 23 anos

Por último, os informantes castelanfalantes iniciais presentan a fricativa interdental en oposición á apical en todos os contextos (salvo casos illados xa mencionados no parágrafo anterior). Cruzando todos estes datos, queda demostrado que a fricativa laminal tende á desaparición nesta xeración, mentres que a apical e a interdental son as que van aparecer no canto dela.

5. Conclusións

As persoas máis vellas da primeira xeración presentan unha oposición fonolóxica entre a fricativa laminal e a fricativa apical. Estas dúas fricativas comezan a entrar nos contextos etimolóxicos a unha da outra xa desde a XP. Por norma xeral, nesta xeración é a laminal a que predomina, tanto no seu contexto etimolóxico coma no contexto etimolóxico da fricativa apical. Podemos apuntar tamén a variable sexo para un maior uso da laminal (as mulleres) e unha maior tendencia a perda de oposición fonolóxica en favor desta fricativa conforme descende a idade das persoas informantes.

Na XE, esta perda de oposición fonolóxica faise máis evidente. En primeiro lugar, vemos unha continuidade coa tendencia da xeración anterior pero que torna cada vez máis cara á apical, que comeza a entrar nos contextos etimolóxicos da laminal, restrinxindo o uso desta. En segundo lugar, podemos observar como entra en xogo a fricativa interdental, practicamente inexistente ata o momento. Esta fricativa tamén lle vai restando uso á laminal.

A introdución da interdental nesta xeración está en relación co nivel de estudos e a lingua de uso habitual. Ben é certo que as persoas galegofalantes e bilingües teñen o seseo (xa sexa laminal, xa sexa apical) como unha forma habitual nas súas producións, así e todo, debido ó coñecemento que teñen dos estándares orais do galego e do castelán, estes falantes mostran variación diastrática en canto ó emprego do seseo. O feito de estaren sendo gravadas e gravados presupón unha situación formal, por tanto, buscan empregar un rexistro de lingua máis elevado, no que non aparece o seseo como solución habitual.

A XA móstrase como a práctica culminación do proceso de perda de oposición fonolóxica das fricativas laminal e apical en favor da segunda, por unha banda, mentres que, pola outra, se lle dá paso á nova oposición entre a fricativa apical e a interdental. Este abandono das realizacións seseantes están motivadas, de novo, pola influencia da norma. Hai que ter en mente que os catro informantes da XA teñen estudos medios e superiores e foron educados co galego como materia de estudo e como lingua vehicular noutras cantas máis. O coñecemento do estándar é claro e vai da man do uso da fricativa interdental e en detrimento do uso do seseo.

Por tanto, podemos dicir que o seseo continúa vivo na Illa de Ons con diversos modos de expresión segundo a xeración e o grao de formalidade da situación. Tamén se pode observar como o coñecemento do galego normativo e do castelán, así como a lingua inicial e habitual, inflúen no tipo de seseo e mesmo no sistema de sibilantes que cada informante presenta.

Referencias bibliográficas

Dopazo Entenza, José Manuel (2013). *Patrimonio lingüístico e cultural da Illa de Ons: textos e estudo*. Inédito (tese de licenciatura). Universidade de Santiago de Compostela: Facultade de Filoloxía.

Fernández Rei, Francisco / Hermida Gulías, Carme (2003). *A nosa fala. Bloques e áreas lingüísticas do galego*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega. Disponível en www.consellodacultura.org/arquivos/asg/anofafala.php (Consultado: 08/09/16).

- Fernández Rei, Francisco (dir.) (2010-). *Arquivo do Galego Oral*. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega. <http://ilg.usc.es/ago/> (Consultado: 13/09/2013).
- Fernández Rei, Francisco (1990). *Dialectoloxía da lingua galega*. Vigo: Xerais.
- González González, Manuel (1991). “Subsistemas de sibilantes no galego actual”. En Kremer, Dieter (coord.), *Actes du XVIIIe Congrès International de Linguistique et de Philologie Romanes*. Tomo III. 531-548. Tübingen: Max Niemeyer.
- González González, Manuel (2005). “Seseo, un término poco adecuado para la descripción de la realidad plurisistemática de la lengua gallega”, en Hernández Alonso, C. (coord.) *Filología y lingüística. Estudios ofrecidos a Antonio Quilis*. Vol. I. 253-261. Valladolid: Universidad de Valladolid.
- Lorenzo Vázquez, Ramón (1993). “Algunhas consideracións sobre a evolución do sistema consonántico do galego medieval ó moderno”, en Kabatek, J. / Schönberger, A. (coords.) *Sprache, Literatur und Galiciens*. 13-26. Frankfurt: Domus Editoria Europaea.
- Maia, Clarinda de Azevedo (1988). “Antecedentes medievais do seseo galego” en Pedro Pereira (coord.) et alii, *Homenaje a Alonso Zamora Vicente*. Vol. I. 33-43. Madrid: Castalia.
- Monteagudo Romero, Henrique (2004). “Do uso á norma, da norma ao uso (variación sociolingüística e estandarización no idioma galego)”, en R. Álvarez & H. Monteagudo (eds.), *Norma lingüística e variación*. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega / Consello da Cultura Galega, 377-436.
- Heap, David (2003-2007). Atlas lingüístico de la Península Ibérica. *ALPI serchable database*. London: University of Western Ontario. Disponible en http://westernlinguistics.ca/alpi/db_login.php (Consultado: 08/09/16).
- Labraña Barreiro, Sabela (2014). “Parámetros acústicos dos sons fricativos da lingua galega”, en *Estudios de Fonética Experimental*. Núm. XXIII. 203-243. Barcelona: Universidad de Barcelona.
- Rodríguez Álvarez, Xosé Antonio (2002). “Descrición acústica das sibilantes no concello de Cangas do Morrazo”, en Constantino García (dir.) *Cadernos de lingua*. Núm. 24. 93-110. A Coruña: Real Academia Galega.
- Santamarina Fernández, Antón / Fernández Rei, Francisco / González González, Manuel (1999). *Atlas Lingüístico Galego. Volume III: Fonética*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza.
- Sousa Fernández, Xulio César (2007). “Xeolingüística e cambio lingüístico: gheada e seseo no ALPI e no ALGA” en María Iliescu (ed.) *Actes du XVIe Congrès International de Linguistique et de Philologie Romanes*. Tomo IV. 257-267. Innsbruck: De Gruyter.

Vidal Figueroa, Tiago (1993). “Proposta descritiva das consoantes fricativas alveolares dos dialectos galegos”, en *Cadernos de lingua*. Núm. 7. 5-26. A Coruña: Real Academia Galega.

Zamora Vicente, Alonso (1986). Estudios de dialectología hispánica. Anexo 25 de *Verba*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela. Disponible en <http://bib.cervantesvirtual.com/servlet/SirveObras/02448064100804728500080/index.htm> (Consultado: 08/09/16).